⁷ “O espacio luso-galaico-asio-afro-brasileiro poderá significar, xa que logo, un modo de intervir activamente na defición dun proceso no que estamos, queirámolo ou non, imersos e no que estamos imersos dende unha área xeo-lingüística e pluricultural específica que nos identifica e que podería funcionar como un valor engadido ou, pola contra, de seguir

As novas tecnologias facilitam e simplificam estas iniciativas até o ponto de trazer as utopias para a realidade quotidiana. Por exemplo, cabe mencionar a “*Lusophonie Parisienne*”, uma iniciativa televisiva feita por e para a comunidade lusofalante em Paris e que emite as suas produções em-linha e por meio da estação ‘La Locale’, através do canal 156 da *Freebox* (televisão a cabo) e do satélite *Hotbird* para toda a Europa⁸. Então, é possível imaginar a possibilidade de um projeto da responsabilidade das instituições e com os recursos e meios dos estados e territórios autônomos da Lusofonia? De qualquer forma, deve ser este um projeto conjunto dos organismos e empresas, centros de formação e instituições do ensino superior e do tecido organizacional e associativo lusófonos.

Além do audiovisual, mas sem excluí-lo, as crescentes possibilidades das tecnologias da informação e comunicações, nomeadamente a Internet, abrem novas portas à construção de redes entre os países da Lusofonia. O recentemente designado domínio de primeiro nível ‘.cat’, depois de um acordo entre a Fundació puntCAT e a ICANN (organismo internacional responsável pela determinação dos domínios na rede), para a “comunidade lingüística e cultural catalã”, serve como precedente que não deveria ser desperdiçado pela comunidade lusófona. Segundo a “Carta” do domínio .cat, esta comunidade está formada “por todos os que usem o catalão nas suas comunicações em-linha e/ou promovam distintos aspectos da cultura catalã em-linha”. Entre outras entidades, estabelece-se a possibilidade de utilização do ‘.cat’ a:

- universidades, escolas, instituições de pesquisa e outras entidades acadêmicas que usem o catalão nas suas atividades ou ensinem ou promovam aspectos da cultura catalã;
- entidades públicas ou privadas que têm por objetivo a promoção da cultura catalã;
- escritores, tradutores, corretores e jornalistas que publiquem em catalão;
- editoriais que publiquem em catalão ou que publiquem obras relacionadas com a cultura catalã;
- meios de comunicação que usem o catalão nas suas comunicações e
- particulares, grupos, empresas, associações, entidades, organizações ou iniciativas de qualquer tipo e personalidade jurídica que tenham ou desenvolvam comunicações em-linha em catalão.

A solicitação do ‘.lus’ bem poderia ser encabeçada por organismos internacionais como a CPLP, com o respaldo e legitimidade que lhe conferem os oito estados-membros e os governos autônomos de outros territórios lusófonos. Pode-se pensar que o tendo conseguido os Países Catalães, o reconhecimento do ‘.lus’ não deveria ser demasiado complexo se colocarem o seu apoio e empenho os organismos supracitados, que seriam, aliás, os primeiros beneficiários, sendo a proposta bem sucedida.

escoando, diluirse sen se ver nin ouvir, sen sequer chegar a se deixar sentir. Como perda de nós” (Ledo, 2003: 54).

⁸ Vide <<http://lusophonieparisienne.free.fr>>.

Do mesmo jeito, os coletivos e entidades implicados com o reconhecimento e defesa do Português em territórios como a Galiza, assim como as diversas federações, associações e portais de conteúdos de projeção lusófona⁹, se veriam favorecidos com este reconhecimento, impulsionando talvez, novas iniciativas.

De todas as formas, e para finalizar, é sempre importante ter em mente e considerar que no panorama atual globalizado e pós-colonial, o reconhecimento da Lusofonia acaba por constituir-se como mais um desses elementos que exprimem a “luta pela ordenação simbólica do mundo”, de certa forma responsável por dividir a comunidade internacional em áreas culturais, dando forma à chamada guerra das culturas (Huntington *apud* Martins, 2004: 6). Ainda assim, explica Martins nas palavras de Adriano Moreira (*apud* Martins, 2004: 8), uma sociedade ‘horizontal’ como a Lusofonia, isto é, que comunga da mesma língua e de memórias e tradições, coincidentes em áreas culturais e em história, são elementos fortalecedores do tecido da ‘globalização das dependências’, contribuindo, acima de tudo, para articular “a linha de territorialização dos poderes políticos e a linha da mundialização da sociedade civil organizada em rede”.

Bibliografia

Alves, D. de C. (1995) ‘A Comunidade dos Países de Língua Portuguesa’, *Nação e Defesa*, 74: 77-91.

Alves, L. A. M. (1983) *Subsídios para a história da Imprensa em Portugal*, Porto: CEH.

Andión, M. L. (2003) ‘Galiza: os “estado xerais” da cinematografia e do audiovisual’, *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona*, 1: 43-55.

Andrade, O. (2002) ‘Erro de Português’ in Seabra, J. A. (org.) *Poetas portugueses y brasileños de los simbolistas a los modernistas*, Buenos Aires: Instituto Camões; Brasília: Thesaurus.

Araújo, D. (1997) ‘Tempo de V Império’ in Rodrigues, A. Cruz *et al.* *Galiza Portugal – Uma só nação*, Lisboa: Nova Arrancada, pp. 139-146.

Araújo, L. de (2005) ‘Televisão em Angola’; ‘Televisão em Cabo Verde’; ‘Televisão na Guiné-Bissau’; ‘Televisão em Moçambique’; ‘Televisão em Portugal’; ‘Televisão em São Tomé e Príncipe’ in Cristóvão, Fernando (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 916; 917-918; 918; 918-920; 920.

Camões, L. de (1572 [2004]) *Os Lusíadas* [ed. facsimilar], Braga: Universidade do Minho.

Carneiro, A. T. (2004) ‘La cultura y los media en Portugal: un análisis interpretativo’, *Pensar Iberoamérica: Revista de Cultura*, 5 [em-linha]. Disponível em [consult. 03/12/06]: <<http://www.oei.es/pensariberoamerica/ric05a03.htm>>.

Carneiro, A. T. (2006) ‘Uma Visão Geopolítica do Espaço da Língua Portuguesa’, *Nação e Defesa*, 114: 99-139.

Carvalho, L. (2005) ‘Imprensa em Cabo Verde’ in Cristóvão, Fernando (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 541-542; 876; 916-917.

Chacon, V. (2002) *O Futuro Político da Lusofonia*, Lisboa: Verbo.

Chrystello, J. C. (2003) ‘Mitos da Lusofonia (I)’, *Agalia*, 75-76: 209-214.

Cohen, M. (2003) ‘What good is Portugal to an African?’, in Lloyd-Jones, S. & Pinto, A. C. (eds.) *The Last Empire. Thirty years of Portuguese Decolonization*. Bristol; Portland: Intellect, pp. 83-98.

⁹ Pense-se em iniciativas ainda incipientes como <<http://www.noticiaslusofonas.com>> ou o Canal Lusofonia de <<http://www.vieiros.com>>.

- CPLP (1996) *Declaração Constitutiva da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa* [em-linha], disponível em: <<http://www.cplp.org/docs/documentacao/Declaração%20Constitutiva%20CPLP.pdf>>.
- Cristóvão, F. (2005) 'Lusofonia' in Cristóvão, Fernando (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 652-656.
- Di Franco, C. A. (2001) 'Diagnóstico de la comunicación en América Latina: informe nacional de Brasil', *Revista Latinoamericana de Comunicación Chasqui*, 73 [em-linha].
- Domingues, J. (2006) 'A CPLP enquanto vertente securitária de cooperação' in Evans Pim, J. et al. (eds.) *Paz e Segurança para o Século XXI*, Rianxo: Instituto Galego de Estudos de Segurança Internacional e da Paz.
- Elia, S. (1989) *A Língua Portuguesa no Mundo*, São Paulo: Ática.
- Espírito Santo (2005) 'Imprensa em São Tomé e Príncipe' in Cristóvão, Fernando (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, p. 550.
- Freixanes, V. F. & Pousa, X. R. (2005) 'Radiodifusión' in Vila, B. C. (dir.) *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, vol. 37, Lugo: El Progreso, pp. 221-223.
- Fontenla, J. L. (1993) 'Ciência, cultura e política da Lusofonia', *Nós*, 29-34: 21-30.
- Graça, P. B. (1997) 'Fundamentos Culturais do Países Africanos Lusófonos'. *Africana*, 18: 78-79.
- Kristensen, B. & Evans, J. P. (2005). 'Myth and Discourse in Portuguese Press on 500th Anniversary Commemorations', *Brazilian Journalism Review*, 1 (1): 111-134.
- Kristensen, B. & Evans, J. P. (2006) 'A influência da narrativa breve medieval no classicismo português: o caso de Fernão Lopes e *Os Lusíadas* na formação da portugalidade' in Fidalgo, E. (ed.) *Formas narrativas breves en la Edad Media: actas del IV Congreso, Santiago de Compostela, 8-10 de Julio de 2004*, Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Léonard, Y. (1999) 'As ligações a África e ao Brasil', in Bethencourt, F. & Chaudhuri, K. (eds.) *História da expansão portuguesa* (vol. 5), Lisboa: Círculo de Leitores.
- López García, X. (coord.) (2000) *El Catón Compostelano*, Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Lourenço, E. (1999) *A nau de Ícaro seguido de Imagem e Miragem na Lusofonia*, Lisboa: Gradiva.
- Macêdo, J. O. (2003) *Sob o signo do Império: Os Lusíadas-Mensagem. Análise Comparativa*, Porto: Asa.
- Maia, J. de M. F. (2005) 'Rádio em Angola, em Cabo Verde, na Índia, em Macau, em Moçambique, em São Tomé e Príncipe e em Timor'; 'Rádio em Portugal' in Cristóvão, F. (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 874-876; 877-879.
- Marchueta, M. (2003) *A CPLP e o seu Enquadramento*, Lisboa: Ministério dos Negócios Estrangeiros.
- Margarido, A. (2000) *A Lusofonia e os Lusófonos: Novos Mitos Portugueses*, Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas.
- Martins, M. de L. (2004) 'Lusofonia e Luso-tropicalismo. Equívocos e possibilidades de dois conceitos hiper-identitários' [em-linha]. Disponível em [consult. 02/12/06]: <<http://cecs.uminho.pt>>.
- Martins, M. de L.; Sousa, H. & Cabecinhas, R. (2005) 'Lusocom: Estudos das políticas de comunicação e discursos no espaço lusófono' in Andión, M. L. (ed.) *Comunicación local: da pesquisa á produción. Actas do Congreso Internacional LUSOCOM 2006, Santiago de Compostela, 21-22 de abril de 2006*. Santiago de Compostela: Universidade de Compostela, pp. 3252-3281.
- Miguel, J. (2006) 'Televisão em Moçambique: que espaço público', *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona*, 4: 9-26.
- Monteira, M. R. da R. V. S. (1993) 'Cultura e Política da Lusofonia', *Nós*, 29-34: 31-35.
- Mourão, F. A. A. (1994) 'A CPLP num mundo globalizado', in *Jornal de Letras, Artes e Ideias*, 9.11.1994.
- Namburete, E. (2003) 'A comunicação social em Moçambique: da independência à liberdade', *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona*, 1: 25-42.
- Neves, F. S. (2005) 'Espaço Lusófono de Ensino Superior (ELES): ir além da "Declaração de Luanda" e da "Declaração de Fortaleza"?, *Revista Lusófona de Educação*, 7: 189-190.

- Nuzzi, E. de F. (2005) 'Imprensa no Brasil'; 'Rádio no Brasil'; 'Televisão no Brasil' in Cristóvão, F. (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 540-541.
- Pereira, F. J. L. (2005) 'Rádio na Guiné-Bissau' in Cristóvão, F. (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 876-877.
- Pereira, M. (2005) 'Imprensa na Guiné-Bissau' in Cristóvão, F. (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 542-543.
- Pais, M. del C. P. (1997) 'La prensa gallega: una aproximación histórica' in Lema, M. M. de (ed.) *El periodismo gallego en los siglos XIX y XX*, Madrid: Grugalma, pp. 7-23.
- Pais, M. del C. P. (2005) 'Prensa' in Vila, B. C. (dir.) *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, vol. 37, Lugo: El Progreso, pp. 112-122.
- Pessoa, F. (s/d) *Mensagem e outros poemas afins*, Europa-América: Mem Martins.
- Pissarreira, A. (coord.) (2000). *Os Media em Portugal*, Lisboa: Instituto de Comunicação Social.
- Quadros, A. (s/d) 'Introdução' in Pessoa, F. (s/d) *Mensagem e outros poemas afins*, Europa-América: Mem Martins.
- Ramos, E. P. (2003) 'Introdução literária' in Camões, L. V. de (2003) *Lusíadas*, Porto: Porto Editora.
- Reis, C. (1997) 'A Questão da Lusofonia', in *Jornal de Letras, Artes e Ideias*, 30.06.1997.
- Rodríguez, A. P. (1996) 'História do jornalismo português' in Quintero, A. P. (ed.) *História da Imprensa*, Lisboa: Planeta Editora.
- Sampaio, A. (2005) 'Imprensa em Timor'; 'Televisão em Timor' in Cristóvão, F. (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 550-551; 920-921.
- Santos, J. A. dos (2005) 'Imprensa em Portugal' in Cristóvão, F. (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 543-550.
- Santos, L. A. (2003) 'Portugal and the CPLP: heightened expectations, unfounded desillusions', in Lloyd-Jones, S. & Pinto, A. C. (eds.) *The Last Empire. Thirty years of Portuguese Decolonization*. Bristol; Portland: Intellect, pp. 67-81.
- Santos, V. M. dos (2004) 'Lusofonia e Projecção Estratégica: Portugal e a CPLP', *Nação e Defesa*, 109: 123-151.
- Saraiva, J. H. (2003) *História concisa de Portugal*, Mira-Sintra: Europa-América.
- Sousa, H. (2005). 'The mobilization of the 'Lusophony' concept. The case of RTP International channels' [em-linha]. Disponível em [consult. 02/12/06]: <<http://cecs.uminho.pt>>.
- Valcarcel, M. (1987) *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Ourense: Deputación Provincial.
- Valdemar, A. (2005) 'Imprensa em Moçambique' in Cristóvão, F. (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, p. 543.
- Vázquez, A. I. R. (2006) 'A televisión local en Galicia ante a dixitalización. Transformacións e redifinición do modelo televisivo de proximidade', *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona*, 4: 101-114.
- Vitorio, B. da S. (2003) Lusofonia: Proposta para a Reinvenção de uma Comunidade, *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona*, 1: 11-23.
- Vunge, A. E. (2005) 'Imprensa em Angola' in Cristóvão, F. (dir.) *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa: Texto Editores, pp. 538-540.

A proximidade histórica como valor noticia: a paz de Angola na prensa

Miguel Tüñez*

Carmen Costa**

Melitón Guevara***

Resumo

Non todo o que acontece no mundo remata por integrarse na realidade que constrúen os medios de comunicación. Hai factores que promoven que, dentro daqueles acontecementos que coñecen os medios, uns pasen a incluírse na superficie redaccional en lugar doutros. Este proceso de construción do temario equivale a unha fragmentación, selección e xerarquización da realidade que coñecen os medios para decidir cal será a realidade que transmitan ás súas audiencias. O presente traballo parte da necesidade de combinar os valor noticia, presentes no acontecemento, cos factores alleos ós feitos pero igual de determinantes no newsmaking para decidir inclusión, exclusión e destaques ou rangos informativos. Por iso revisa o impacto mediático dun tema de indubidábel valor periodístico: os acordos de paz en Angola, en abril do 2002 nas seccións de Internacional de xornais de España, Portugal, México e Galicia e conclúe na necesidade de conceptualizar unha nova variable, a “proximidade histórica” entre os valores que determinan a escolla de feitos no temario e mesmo a súa enfatización.

Palabras chave: prensa, temario, valor-noticia, proximidade histórica, proximidade lingüística.

1. Introducción. Os medios de comunicación como artesáns da realidade

As dinámicas de produción informativa son similares en todos os medios, independentemente do seu ámbito de cobertura. A materia prima coa que traballan tamén é case a mesma debido á homoxeneización e globalización do fluxo de contidos. Con propostas informativas e valor-noticia coincidentes sería lóxico pensar que os resultados do proceso de selección e xerarquía serían similares en todos os medios. As estratexias individualizables de impacto, influencia ou sedución das audiencias marcan as diferenzas de aplicación deses mesmos criterios para ofertar produtos diferentes mesmo nos acontecementos ós que, desde unha análise sen estratexia de mercado, se lles podería presupoñer un impacto informativo elevado.

* Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. mtunez@usc.es

** Bolseira Predoutoral do Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. ccosta@usc.es

*** Coordinador dos estudos de Xornalismo da Universidade Autónoma de Tamaulipas (México).

A sinatura da paz en Angola puxo fin a un dos máis cruentos procesos de enfrontamento entre civís. Pola súa duración e polo número de vítimas que quedaban atrás, o armisticio podería considerarse como un acontecemento de peso suficiente para ser incluído nos argumentos informativos dos medios. Na estratexia de enfatización da proximidade, o feito puidera considerarse afastado para os medios europeos a non ser que se deran factores que achegaran ese acontecemento até convertelo nun asunto de interese para as audiencias.

Nesta investigación estúdanse as vinculacións históricas entre a poboación/audiencia dun medio e o ámbito xeográfico no que se desenvolve ou que se ve afectado por un suceso como un dos elementos determinantes de presencias ou ausencias no temario e das xerarquías que se outorguen naqueles nos que se inclúe. Con similar distancia xeográfica, presuponse que a historia xoga a favor de considerar que é un acontecemento próximo para os portugueses e tan afastado para os españois como para os mexicanos.

Para Galicia, esa distancia queda condicionada polo valor que se lle dea ás semellanzas lingüísticas entre as falas angolana e galega.

1.1. A elaboración do temario

O procedemento a través do cal se realiza a selección das inclusións no temario e se pon esa selección en coñecemento da audiencia denomínase tematización (Fontcuberta, 1993: 35), considerada a cuarta función do xornalismo, xunto ás tres, xa clásicas, de informar, formar e entreter¹.

Analizada dende a perspectiva interna do sistema comunicativo, a tematización constitúe un instrumento da información periodística que actúa, a intervalos, como intérprete, orientador ou rexistrador da realidade (Breument)², e constitúe un procedemento que se apoia nas estratexias editoriais, na liña política e no contido cualitativo dos medios de comunicación (Agostini)³. Este procedemento execútase de forma mecánica para poder dar saída ó volume de propostas informativas que recibe cada medio. Por iso se pode asegurar que se desenvolve a través dun proceso consolidado nas convencións xornalísticas dominantes que cada medio modela a través de rutinas produtivas para axustalo á súa forma de construír a realidade que transmite . “Dito doutra forma, un tema ou unha cuestión socialmente importantes son obxecto de tematizacións periodísticas sí, e só sí, responden a criterios de selección autonomamente fixados polos aparellos informativos” (Badía, 1992: 218).

A tematización é considerada unha modalidade específica da produción da información que se caracteriza polo trato en profundidade dos temas seleccionados polo medio para ser noticia e que se exerce mediante o que Badía daba en chamar “estrategie

¹ A quinta que resulta preciso engadir é a función comercial de facer a empresa rendible (Fontcuberta, 1992: 36).

² En Badía, 1992: 218.

³ En Badía, 1992: 218.

xias editoriais expresivas empiricamente identificables” (Badía, 1992: 210⁴) coas que sancionan publicamente a relevancia dos temas e problemas que seleccionan e desenvolven.

As aportacións da tradición italiana no campo da comunicación política (Carlo Marletti, Giorgio Grossi y Angelo Agostini, principalmente, neste apartado) aportan elementos de análise da construción do temario atendendo ó soporte no que se difunda. Así, por exemplo, Marletti diferencia no proceso de comunicación entre información de primeira actualidade (a televisión, referencia dos seus estudos) e información segunda ou tematizada (a prensa escrita). En síntese, a diferenciación correspóndese co feito de que para as audiencias a selección de novas feita polos audiovisuais actúa como unha primeira fonte de contacto cos feitos da actualidade. A prensa, ó día seguinte, aporta unha estruturación da experiencia informativa e a primeira páxina dos diarios serve para confirmar ou desmentir a elección de acontecementos aos que os audiovisuais outorgaran relevancia pública. A influencia principal dos medios de comunicación na formación da opinión pública e nas preocupacións públicas dos individuos é referida a través do que os comunicólogos estadounidenses definiron como agenda-setting.

1.2. As aportacións da agenda setting

A agenda-setting vén ser o resultado na audiencia do procedemento de selección dos medios⁵. Os medios, a través dos temarios non lle conseguen impor á xente qué debe pensar pero si sobre qué debe pensar (Cohen, 1963). A agenda-setting reflicte a influencia dos medios na sociedade. O estudo destes efectos abriu interesantes liñas de debate e investigación que tenden a converxer na corroboración do efecto canalizador dos medios.

A construción do temario dos medios de comunicación pasou por diversas etapas. Rodrigo Alsina (1989: 55-65) establece na evolución das teorías diferentes estadios: a) A omnipotencia dos medios (agulla hipodérmica), sendo estes poderosos, mentres que a audiencia está indefensa; b) Os efectos dos medios son limitados (teoría de usos e gratificacións e teoría dos efectos limitados dos medios de comunicación) polo papel que xoga a audiencia, que selecciona e rexeita; c) A volta ó poder dos mass media, coa agenda-setting, porque lle din á xente en qué pensar.

Maxwell McCombs (1992: 815-816) – o pai moderno, segundo Dader da “Agenda – Setting” – abordou a creación do temario a partir da análise da campaña presidencial estadounidense de 1968 (McCombs e Shaw, 1972); McCombs alude á necesidade de ter en conta as necesidades de orientación das audiencias, estudar o contido das mensaxes, analizar a imaxe dos candidatos e os seus atributos e intereses políticos para

⁴ Lluís Badía remite a Grossi, G, *Il tema pace-e-guerra nella stampa: un'analisi della funzione di tematizzazione* (1986-1987), traballo inédito.

⁵ Shaw (1979) asegura que a xente tende a incluír ou excluír dos seus coñecementos o que os medios inclúen ou exclúen do seu temario e tende a enfatizar o que destacan os medios.

propor a necesidade de diferenciar dous niveis da axenda: primeiro nivel, transmítese a relevancia dun obxecto; segundo nivel, a relevancia dun atributo. Esta diferenciación serve de preámbulo para se reformular a pregunta inicial de ¿quen establece a axenda pública? pero atendendo a ¿quen establece a axenda noticiosa?

A resposta de McCombs (1992: 817) vén da man da metáfora das capas da cebola: a externa son as fontes informativas; a intermedia é o establecemento da axenda dos medios; a capa interna, normas informativas, remite ó núcleo ou esencia profesional do propio xornalista, desde a súa formación universitaria e as experiencias profesionais. McCombs (2006: 190) alude tamén a outras propostas como a que Pamela Shoemaker e Stephen Reese fan na súa obra *Mediating the Message* na que identifican cinco capas distintas de influencia: individual, rutinas dos medios, organización dos medios, externa á organización e ideolóxica. O proceso de produción informativa até chegar á realidade consumida condénsase, en todos os medios, en tres fases: recollida, selección e edición. Na primeira están os mecanismos que activan os medios para coñecer os acontecementos noticiosos e os que desenvolven as fontes para incluír as súas propostas informativas entre eses acontecementos coñecidos polos medios. As outras dúas son as de selección/exclusión e xerarquía dos acontecementos que se transmiten á audiencia e desenvólvense aplicando os “valor-noticia” que, segundo Wolf (1985: 222) son o “conxunto de elementos a través dos que o aparello informativo controla e xestiona a cantidade e o tipo de acontecementos dos que seleccionar as noticias”.

Os valor noticia tamén poden considerarse condicións mínimas estandarizadas de acordo cuns parámetros comúns a todos os medios e que se converten en auténticas guías na inclusión/exclusión/xerarquización ou meras desculpas para xustificar presencias e ausencias no temario. Sen embargo, por si sos non son suficientes para explicar a fase de selección e xerarquía de contidos na que se constrúa a axenda noticiosa do medio polo que se fai preciso recorrer ó que poderíamos denominar os factores de publicación (Tuñez: 1999): formato, equilibrio, competencia, publicidade, vendas, subscricións, liña política, consenso social e ideolóxico, calidade da historia e do material, experiencia persoal e profesional do xornalista, a imaxe que os periodistas teñen do destinatario, a ideoloxía das bad news, as convencións periodísticas do momento, o prezo do relato.

Loxicamente, neste proceso de construción do temario adquiren relevancia especial:

- a) A rutina do periodista segundo a que, diariamente, recorre a unhas fontes e contrasta outras, afectando así a realidade que presenta á audiencia (Tuchman, 1983);
- b) O papel dos “gatekeepers” como seleccionadores, excluidores, censores ou obstáculo para que un acontecemento se convirta en noticia publicable, actividade que se ve influída por moitos factores, dende a estrutura da organización periodística, a súa formación, a súa experiencia, o seu interese político-ideolóxico (Wolf, 1985: 204-207); e,
- c) Asimilar as distintas realidades que se poden diferenciar (Tuñez, 1999: 21-24): 1) O Universo real, todo o acontecido, sexa coñecido ou non nas redaccións de informativos; 2) A realidade coñecida, os relatos noticiosos dos que dispón o diario para facer a súa reconstrución da realidade; 3) A realidade publicada, o temario do

medio; 4) Realidade descoñecida pola audiencia, feitos que sucederon, pero que por un silenzo ou unha exclusión non aparecen no temario; 5) Realidade falsa, relatos que nunca sucederon e que, sen embargo, publícanse; son noticias inventadas, erróneas ou baseadas nunha especulación (Fontcuberta, 1993: 28); e, 6) a realidade consumida pola audiencia, isto é, de todas as novas publicadas aquelas ás que a audiencia presta atención e incorpora ó seu referente de realidade.

1.3. O traballo do gatekeeper

A función de gatekeeper non está situada nun único punto da cadea de produción informativa. No procedemento de selección, os xornalistas participan activamente de dúas formas distintas como gardabarreiras: no temario e no texto. Polo tanto está identificado co responsable de facer a selección entre o total de propostas informativas de que dispón o medio (tanto as que chegan a través de canais de rutina como as producións propias) pero a partir da selección feita polo gatekeeper realízase unha nova operación de selección para facer a xerarquización e para decidir cales son os asuntos que formarán parte da portada do medio.

Rositi (1981) diferencia tres niveis de selección:

- primeiro: a selección, é dicir, a regulamentación do dereito de acceso ó circuito informativo
- segundo: a xerarquización das noticias
- terceiro: a tematización.

Até certo punto, ó admitir a veracidade da formulación segundo a cal o que non se conta nos medios non existe, os gatekeeper son os que deciden o coñecemento da realidade social que teñen os segmentos sociais aos que chegan. Gatekeeper tamén é, por tanto, en palabras de Del Moral y Estevez (1993, 165), “un proceso no que se evidencia o control que impón o medio periodístico sobre as definicións da realidade ó apoiar a difusión dalgunhas delas e trincar as posibilidades de publicación das outras”.

O gatekeeper é o encargado, pois, de decidir as inclusións e as exclusións e en periodismo faino nun proceso no que interactúan os denominados valor-noticia de cada acontecemento coa propia orientación ideolóxica ou económica do xornal que determinan o modo en que se valorará a presenza ou ausencia dos valor-noticia en cada acontecemento a modo de vara de medir da sintonía ou asintonía do feito coa liña editorial ou coa estratexia informativa, política ou económica do medio.

En cada un dos pasos do procedemento de produción informativa os periodistas traballan aplicando eses criterios que, previamente, foron asimilados, interiorizados e asumidos, e fano a través da repetitividade de determinados procedementos. Son considerados, polo tanto, “os elementos de homoxeneización e racionalización do proceso produtivo”, os “vehículos máis xenuinos da ideoloxía profesional” e “os responsables” das rutinas profesionais (Villafañe, Bustamante y Prado, 1987: 73).

Os periodistas non poden pararse a revisar a lista de valor-noticia e cuestionar a súa aplicación ante cada acontecemento que se coñece nunha redacción. Gans define a selección de noticias como un proceso de decisión que se realiza con rapidez, polo que os criterios, deben ser – explica – fáciles e rápidos de aplicar, flexibles, relacionables e comparables, facilmente racionalizados. En suma, que permitan garantir o necesario suministro de novas apropiadas co mínimo investimento de tempo, esforzo e diñeiro.

A definición dos valores periodísticos non debe facerse aillando cada unha das propostas, senón que deben definirse de forma interdisciplinaria xa que “supoñen criterios de validez informativa económicos, macrosociolóxicos e psicolóxicos” (Van Dijk, 1980: 180). Ademais, non son sempre os mesmos, senón que cambian ao longo do tempo. Maníñense, por exemplo, na variación do predominio temático na propia evolución histórica do xornalismo. “Argumentos que hai anos non ‘existían’, hoxe normalmente constitúen noticia, mostrando a gradual extensión do número e do tipo de argumentos considerados noticiables” (Wolf, 1985: 225).

En todo caso, o mesmo que non se revisan un a un os valor-noticia para ver se son de aplicación en cada acontecemento proposto para ser incluído no temario, non todos os valor-noticia nin todos os factores de publicación teñen a mesma importancia. O número, o peso de cada un deles e a combinación pertinente para cada noticia pode cambiar dunha noticia a outra. A noticiabilidade é, pois, o resultado dun procedemento negociado no que os criterios importantes varían en función de determinados factores.

Buscar na práctica estas formulacións teóricas permite descubrir que entre os valor-noticia descritos, os que están presentes en maior número de informacións transmitidas a audiencia son os relativos á notoriedade do suxeito protagonista, ao interese maioritario e ao conflito⁶.

Partindo de Galtung e Ruge e incorporando diversas aportacións da periodística, optamos por enumerar os valor-noticia aos que se outorga maior peso no procedemento de selección (Túñez, 1999: 95-99)

Con esta sucinta descrición do entramado de news value aplicables na produción informativa e os vectores que a condicionan é fácil comprender como o que poderíamos definir como a periferia informativa e as fontes non habituais no temario teñen maiores dificultades para poder incorporar as súas propostas á listaxe de temas coñecidos pola audiencia ou para lograr que os acontecementos que programan e/ou protagonizan sexan coñecidos pola audiencia.

⁶ A análise das rutinas nos informativos dos medios audiovisuais feito por Villafaña, Bustamante e Prado (1987) conclúe coa seguinte lista de valores responsables da selección: notoriedade do suxeito, 28.2%; interese maioritario, 19.3%; conflito, 14.4%; cantidade de afectados, 12.4%; dispoñibilidade e accesibilidade, 10.3%; claridade das imaxes, 6.2 %; e outras variables, 8.0%. Os autores indican que parece que existe “una especie de star system” das fontes e, como se indicou, destacan que a relevancia social da fonte mesmo pode anular outras dimensións da noticia.

Cadro 1 – Resumo explicativo dos valor-noticia

VALOR NOTICIA	CONTIDO
Nível xerárquico	Ou relevancia social da fonte. Na maior presenza dos actores con notable proxección social inflúe que tamén sexan estes os que máis empregan as canles de rutina para facer chegar as súas propostas ou dar conta da súa actividade aos medios.
Cantidade persoas implicadas	Tanto de feito coma potencialmente, isto é, os que son protagonistas (unha manifestación) ou os que poden verse afectados (unha decisión governamental)
Proxección e consecuencias	A importancia e significatividade do acontecemento respecto aa evolución futura dunha determinada situación pode xogar a favor da súa selección como noticia. Máis que no acontecemento en sí, o seu interese para o xornalista está na interpretación que se lle poida dar como anticipo de algo que pode acontecer no futuro. Tamén pode entenderse como as consecuencias dun acontecemento. Cantas máis consecuencias derivadas del poidan vaticinarse máis posibilidades terá de ser incluído na axenda xornalística.
Novidade	A novidade está indisolublemente vinculada á actualidade, é dicir á frecuencia das citas informativas dun medio cos seus receptores. A novidade considérase un valor-noticia porque o modelo desenvolvido por un relato debe conter información que inda non está presente nos modelos actuais da audiencia, é dicir, asuntos que esta inda descoñece.
Actualidade	Dito dunha forma moi simple, a actualidade é o período de caducidade das noticias. A frecuencia das citas informativas dun medio coa súa audiencia determina o período de vixencia do concepto actualidade e, moi vencellado a este, a novidade. Así pois, un temario é actual mentres non se ofrece á audiencia o seguinte e isto fai que a frecuencia e o soporte do medio poidan facer coincidir no tempo distintas aplicacións do concepto actualidade sobre un mesmo acontecemento
Relevancia	En xeral, os medios prefiren seleccionar a información sobre acontecementos que considera relevante para o lector. Esta información proporciona modelos que poden empregarse para a interpretación doutro discurso ou para a planificación e a execución da acción e a interacción social.
Frecuencia	É o tempo que precisa o acontecemento para cobrar forma e adquirir sentido. Canto máis coincidente sexa a frecuencia dun acontecemento coa dun medio informativo, maior será a posibilidade de incorporación ó temario (Galtung-Ruge, 1965: 116) polo que tamén pode identificarse coa actualidade e a novidade.
Conflicto	Enténdese como diferenza de puntos de vista, de enfoque, de criterios sobre un asunto e non só coma unha confrontación expresa. Para Borrat (1989: 29), o medio reflicte, é intermediario e participa nos conflitos. No nivel extra é observador externo de conflito entre outros actores; no nivel inter asume o rol de intermediario; no nivel intra é un actor colectivo involucrado en conflitos formulados por e/ou entre algún dos seus compoñentes – entre o todo e as partes – ou entre os seus compoñentes –entre as partes-.
Proximidade xeográfica	Proximidade ou impacto sobre a nación e sobre o interese nacional. A proximidade pode ser xeográfica, social, psicolóxica, ideolóxica...A distancia xeográfica varía en función do ámbito de difusión de cada medio. É máis, mesmo varía segundo o ámbito de referencia de cada sección ou parte do periódico. A denominada Lei de McLurg (Schlesinger, 1978) que establece unha escala gradual de la noticiabilidade dos desastres: en Europa, un europeo equivale a 28 chinos ou 2 mineiros de Gales equivalen a 100 de India e a regra do "morto quilométrico" de Kaiser (1963) que da máis probabilidade de aparición nos noticiarios ó morto canto máis preto estea.

Fonte: Elaboración propia.

Aceptar sen máis o funcionamento deste modelo produtivo como unha maquinaria de reloxo equivalería a presupoñer que se os medios parten de materias primas moi similares publicarían contidos case idénticos. Non só o procedemento de valoración cognitiva (subxectiva, por tanto) serve para explicar as diferencias senón as adecuacións que os propios medios fan na aplicación dos valor-noticia, na fixación de novas rutinas produtivas ou na definición de estratexias informativas condicionadas tanto pola busca de rigor e calidade informativa como pola consecución de resultados económicos favorables.

Os tres vectores combínanse para definir o que podería considerarse como unha nova variedade de proximidade: a proximidade histórica, entendida como as relacións ou vínculos históricos entre os habitantes da zona de difusión do medio e o lugar onde se produce o acontecemento, lonxe do marco xeográfico de presenza do medio e independentemente da distancia que os separe. Deste modo é posíbel explicar as diferencias de contidos e de protagonistas en seccións como Internacional, a pesares de estar maioritariamente confeccionadas con despachos das mesmas axencias a excepción dos grandes medios que contan con recursos para soste a súa propia rede de correspondentes.

1.4. A dinámica das bad news na sección de Internacional

Á marxe dos valor-noticia, as explicacións sobre a ideoloxía de bad new están directamente entroncadas coa concepción da noticia como resultado dunha ideoloxía da información. De forma xeral, queda de manifesto que se acepta como boa a máxima periodística de que bad news is good news (malas noticias son boas noticias). Son noticiables, pois, os acontecementos que representan unha infracción, unha desviación, unha ruptura do habitual curso das cousas.

Galtung e Ruge explican que na vida hai unha “asimetría fundamental” entre o positivo e o negativo. O positivo é difícil e require tempo. O negativo é máis fácil e esixe menos tempo, por iso é máis fácil que se desenvolva no tempo comprendido entre dúas edicións dun xornal ou dúas emisións informativas. Canto máis negativas sexan as consecuencias dun acontecemento máis probabilidades ten de chegar a ser noticia (Galtung y Ruge, 1965). Van Dijk acuña os termos desviación e negatividade para referirse a esta mesma situación. Observa que mesmo neses casos a necesidade de sintonizar coas normas sociais conleva a necesidade de publicar bad news con final feliz.

Gran parte do discurso periodístico, explica, trata de sucesos negativos, como problemas, escándalos, conflitos, crimes, guerras ou desastres⁷. Algúns factores inde-

⁷ As explicacións poden formularse en termos sociolóxicos, psicoanalíticos ou cognitivos. Psicoanaliticamente, estas diferentes formas de negatividade nas noticias poden contemplarse como expresións dos nosos temores, e o feito de que as sofran outros proporciona tanto alivio como tensión a causa desa especie de participación delegada nos demais. Os modelos destes sucesos negativos, pois, están directamente relacionados co sistema emocional de autodefensa, no que a fascinación por todo aquilo que pode ir mal é unha preparación efectiva para a acción evasiva ou protectora. En termos máis cognitivos, poderíamos dicir que ese procesamento da información respecto a eses acontecementos seméllase a unha simulación xeral dos posibles incidentes que poden irrupir nas nosas propias vidas (...) Especialmente cando está

pendentes favorecen a noticia negativa (...) Esta condición non é absoluta. Mentres a novidade require coñecemento previo, a desviación e a negatividade requiren conformidade e positividade. Os relatos sobre problemas, conflitos ou desastres tamén requiren finais felices. É dicir, na simulación de posibles problemas, é o restablecemento dos fins, as normas e os valores compartidos polo grupo ou a cultura.

Paralelamente podería considerarse como valor noticia o morbo e o sexo. Cada vez hai un interese maior por publicar historias sobre vidas e non sobre actos, o que supón unha maior presenza do privado no temario público e unha maior atención aos sentimentos humanos como factor convertible en valor-noticia. Mar de Fontcuberta explica que iso supón, entre outras constatacións, unha espectacularización da vida privada dos personaxes públicos, personaxes que se converten en públicos debido á súa vida privada, unha presenza do privado nos contidos dos medios como suxeito político e unha maior incidencia de aspectos colectivos da vida privada que inciden directamente na vida pública (1993: 49).

2. Estudo de caso: a proximidade histórica como valor noticia

2.1. Exposición de obxectivos e metodoloxía

Nos estudos de newsmaking quedou demostrada a interacción dos valor-noticia con outros factores do mecanismo de produción informativa de cada medio. Posiblemente o menos analizado sexa a proximidade histórica como forma de referirse aos parámetros que obrigan a unha reinterpretación dos valor noticia non só en función dos vencellos pasados da área de difusión senón tamén da audiencia ou dun grupo numeroso da audiencia. As noticias de México interesan máis en Los Ángeles, en EEUU, pola procedencia de boa parte da audiencia potencial da poboación máis que por vencellos históricos de ambos países.

Para intentar medir a influencia de todos estes parámetros optouse por facer unha investigación, máis cuantitativa que cualitativa, do impacto nos medios da fin dun conflito nun país afastado dos que poden considerarse como os focos de atención prioritarios nas páxinas de Internacional dos diarios de todo o mundo: a sinatura dos acordos de paz en Angola, para o que se seleccionaron tres referentes de medición:

- Portugal, polas vinculacións históricas dambos países.
- Galicia, polas vinculacións lingüísticas ó pertencer ambos á área lusófona.
- España, pola ausencia de vencellos históricos e lingüísticos.
- México, polo distanciamento que implicaba o salto de continente.

involucrada a desviación de diferentes tipos, proporcionálles aos membros do grupo información sobre marxinados ou parias, e aplica un consenso de normas e valores sociais que axudan a definir e a confirmar o propio grupo. Esta é unha combinación dun enfoque cognitivo e sociolóxico da explicación do rol da negatividade nas noticias. E, por último, a maioría dos modelos versan sobre situacións normais e accións cotiás. A información sobre o desvío e as situacións negativas proporciona modelos diverxentes, que poden recuperarse e evocarse mellor debido ao seu carácter distintivo (Howard e Rothbart, 1980. En Van Dijk, 1980).

Atendendo a variables de difusión, seleccionáronse os seguintes diarios:

- Portugal: Publico e Jornal de Noticias.
- Galicia: La Voz de Galicia e Faro de Vigo
- España: El País e El Mundo
- México: La Jornada

A investigación requiriu da revisión de diarios do 03 ao 09 de abril de 2002, de modo que se abarcaran días antes e despois da firma do armisticio (o día 04 de abril dese mesmo ano). Buscouse medir cuantitativamente a presenza no temario e, dende unha metodoloxía deductiva, identificar os valor-noticia determinantes dese impacto no temario a través dunha medición de variables como impacto en portada, sección de ubicación, superficie redaccional destinada, utilización de elementos gráficos e info-gráficos de apoio e xerarquía outorgada ao titular da información.

A hipótese de partida é que o valor noticia que prima é o de proximidade histórica, polo que, a pesares da intensidade e da duración do conflito (o período está considerado como unha das guerras civís con maior número de mortos no mundo), a nova da paz en Angola terá un impacto prioritario en Portugal, intensidade baixa en Galicia e nula en España.

Para a ficha de análise descartouse a medición en centímetros cadrados ou en centímetros/columna e apostouse por recuperar a pauta estándar baseada no módulo como unidade de medida cun estándar de 50 módulos por páxina (5 de ancho por 10 de alto)⁸. Anotáronse incidencias de superficie, xerarquía do titular, ilustracións utilizadas, páxina na que se publica, presenza en portada ou en primeira páxina de sección, e, de non ser o asunto de estudo, o tema máis destacado no espazo que cada diario dedica a información internacional.

2.2. Antecedentes históricos de Angola. Breve percorrido pola súa historia política

Angola foi gobernada baixo un sistema colonial até 1961. Os nacionalistas estaban divididos en tres grupos rivais: FNLA (Fronte Nacional para a Liberación de Angola), MPLA (Movemento Popular de Liberación de Angola – apoiado pola URSS e axudado por tropas de Cuba) e UNITA (Unión Nacional para a Independencia Total de Angola – aliado con Sudáfrica, Estados Unidos e outras potencias occidentais). O poder colonial non cedía aas propostas das forzas nacionalistas, e comenzou unha longa serie de guerrillas entre angoleños e portugueses.

En 1974, Portugal vive a pacífica revolución dos caraveis que significou a fin da etapa de dictadura militar e acelerou o proceso de descolonización. O 14 de xaneiro de 1975 Portugal e os movementos de liberación asinan un acordo para a independencia, proclamada o día 11 de novembro do mesmo ano, pero Angola embarcou nunha longa guerra interna. En maio de 1991 asínase un alto o fogo, supervisado pola ONU.

⁸ Nos resultados aparecen dous datos nalgúns diarios, derivados de computar o número de módulos e, de ser un diario de medidas diferentes aa pauta estándar, proxectar esa medida aos parámetros referenciais para facela comparable coas demais publicacións.

Nas eleccións de setembro de 1992, o MPLA logra a maioría absoluta con 129 dos 220 escanos do novo Parlamento, mentres que UNITA obtén 70. Ao ano seguinte, as loitas entre as tropas gobernamentais e as forzas de UNITA intensifícanse e máis dun millón de refuxiados fuxiu dos seus fogares. Un novo plan de paz en 1994⁹, respaldado pola ONU, fracasa no intento de resolver o conflito.

En abril 1997 o Parlamento angoleño aproba un estatuto especial para impor un goberno de unidade e un único exército que produciu unha aparente fin a os 19 anos de guerra. Sen embargo, en outubro de 1997 a ONU pon en marcha un embargo sobre os territorios dominados polos conservadores de UNITA. En decembro de 1998, UNITA intensifica os seus ataques e pouco despois os observadores da ONU vense forzados a abandonar o país sen lograr a paz o que se traduce nunha reanudación dos combates que provoca desprazamentos de centos de miles de angoleños e un auténtico desastre humanitario. O 4 de abril do ano 2002, o goberno e a UNITA asinaron, en Luanda, un histórico acordo que, retomando o Protocolo de Paz de Lusaka, poñía fin aas hostilidades e contemplaba a convocatoria de eleccións nun prazo máximo de dous anos, así como a integración dos membros da guerrilla no Exército.

2.3. Análise de resultados

Entre México e Angola, a priori non poderíamos atopar ningunha relación que puidera poñer de relevo o interese do conflito angoleño para a audiencia mexicana. Precisamente polo marcado distanciamento (non só xeográfico, senón cultural) entre ambos pobos, interesábanos coñecer o tratamento desta nova na prensa diaria mexicana.

Entre España e Angola tampouco existe ningún tipo de vencello histórico-social, polo que o valor noticia da proximidade non tería cabida á hora de seleccionar as noticias procedentes do país africano. Non obstante, debemos reflexionar que tampouco existe dito vencello cos países de Oriente Medio e, sen embargo, son as novas relacionadas cos ataques alí producidos aquelas que, ao longo do período analizado, copan as primeiras páxinas da sección de Mundo.

Entre Galicia e Angola, existe o que poderíamos denominar como unha proximidade lingüística entre o galego e a lingua oficial do estado africano, o portugués. Sen embargo, dita proximidade non ten consecuencias no proceso de selección das novas (gatekeeping) e, aínda que é certo que lle dedican algo máis de espazo que os diarios españois aa cobertura do acontecemento, a diferenza é mínima. Sen embargo, Oriente Medio sí é obxecto da atención das cabeceiras galegas.

Entre Portugal e Angola, existe unha proximidade histórica derivada do feito de que Angola foi colonia portuguesa polo que, o idioma, parte da súa cultura, así como usos e costumes do país africano foron herdados do pobo luso. Isto tamén ten as

⁹ “El 15 de noviembre de 1993 se iniciaron negociaciones de paz entre las dos partes en conflicto en Lusaka, Zambia, bajo la mediación de las Naciones Unidas a través del Representante del Secretario General, Sr. Alioune Blondin Beye. Estas negociaciones lograron la concertación de un acuerdo de cese el fuego el 3 de diciembre de 1993”, según consta textualmente en el informe de la Comisión de Derechos Humanos de Naciones Unidas, que se puede consultar en <http://www.unhchr.ch/Huridocda/Huridoca.nsf/0/7a5cc06685a132808025673200624642?Opendocument>

súas consecuencias na realidade, de xeito que os fluxos migratorios de Angola cara á Portugal son constantes, o que condiciona o proceso de selección da realidade informativa por parte dos diarios portugueses. A proximidade histórica si funciona neste caso como valor noticia, e é este factor o que provoca que ditos acontecementos sexan seleccionados.

1) Superficie redaccional

Os dous xornais portugueses, Público e Jornal de Noticias, son os que adican unha maior cobertura aa sinatura de paz en Angola en abril de 2002, en contraposición aos diarios españois, galegos e mexicanos quen só lle prestan atención ao sucedido o día 05 e, polo tanto, non fan un seguimento informativo do que ocorre na que fora colonia portuguesa.


En datos globais, o total de espazo adicado aa cobertura do armisticio en Angola polas cabeceiras dos distintos países é o seguinte:

Táboa 1 – Superficie redaccional destinada á sinatura de paz en Angola

PAÍS DE EDICIÓN	ESPAZO ADICADO (en módulos) Do 04-04-02 ao 09-04-02
Diarios portugueses	475 mód. (4,75 páxinas por diario)
Diarios galegos	43 mód. (0,43 páxinas por diario)
Diarios españois	37 mód. (0,37 páxinas por diario)
Diarios mexicanos	10,5 mód. (0,21 páxinas por diario)


Gráfico 1 – Superficie en páxinas por diario

Páxinas por diario adicadas aa paz en Angola



Considerando que seria necessário um longo tempo para analisar o conteúdo de centenas de estações através da escuta de suas programações, além da necessidade de compreender todos os idiomas por elas utilizados, Kuhn (2005) sugere uma metodologia que se baseia na amostragem dos websites das emissoras e sua submissão a um protocolo de observação, objetivando a atribuição de perfis no tocante à esfera de suas programações – se local, internacional (global) ou híbrida, sem predomínio de uma sobre a outra.

Com o propósito de permitir que todos os países estivessem representados na amostra, evitando assim uma abordagem etnocêntrica, Kuhn (2005) adota como ponto de partida uma técnica de amostragem não probabilística por cotas, apoiando sua opção em autores como Raj (1972), Salant e Dillman (1994: 64) e Barbetta (2001: 55). Esta técnica é aplicada ao catálogo francês *ComFM* (<www.comfm.com>), que compila e oferece *links* para estações do mundo todo, escolhido como base de dados para a definição do universo da pesquisa. Após uma série de cálculos, tabelas e até mesmo o uso de procedimentos probabilísticos em outras etapas do processo, culmina com a extração de uma amostra reunindo 378 emissoras obtidas dentre uma população de 3450 rádios de 145 países.

Mas enquanto Kuhn (2005) trabalha com uma perspectiva mais global, a pesquisa aqui proposta tem o intuito de discutir apenas uma pequena parcela deste universo. Pelo menos para o caso dos países lusófonos, a introdução de alguns procedimentos capazes de simplificar a seleção da amostra parece bastante apropriada.

Assim, a primeira modificação foi a escolha do portal britânico *Live-radio.net* (<www.live-radio.net> como base de dados, devido à sua organização, concisão e fide-

lidade – os links e as informações se mostram sempre atualizados – e ao fato de relacionar apenas emissoras convencionais, facilitando o trabalho do pesquisador.

Para calcular o tamanho da nova amostra, o Espaço Lusófono foi considerado individualmente. O ponto de partida foi a porcentagem de suas estações amostradas em relação ao seu universo. Como Kuhn (2005) trabalha a partir da divisão continental proposta no portal *ComFM*, e os países lusófonos não são referidos em conjunto, tornou-se necessário aglutinar os dados a eles pertinentes e calcular primeiro sua representação e em seguida a porcentagem. A conclusão foi de que Kuhn (2005) seleciona 13 emissoras do Espaço Lusófono dentre 161, o que corresponde a 8,07%.

Em Janeiro de 2007, por sua vez, o portal *Live-radio.net* apresentava uma lista com 252 rádios de seis países lusófonos. Como na pesquisa anterior, Açores – embora apresentado como pertencente a Portugal (como aliás também acontece com as possessões inglesas, francesas, americanas etc.) – figura separadamente deste país, em meio ao continente africano. Os demais representantes lusófonos com emissoras transmitindo via Internet de acordo com *Live-radio.net* eram Angola, Brasil, Cabo Verde, Moçambique e, naturalmente, Portugal.

O passo seguinte foi encontrar o número de rádios da nova listagem que seria correspondente ao percentual registrado na pesquisa anterior: 8,07% de 252 significam 20,33 emissoras. Como estas não podem ser divididas em decimais, ficou estabelecido que o tamanho da amostra seria 20 (7,93%).

A opção de permitir a representação de todos os países relacionados pelo portal foi mantida, o que já é suficiente para caracterizar a pesquisa como não probabilística, uma vez que as chances de seleção não são as mesmas para todas as rádios – aquelas de países com uma única estação na lista têm uma probabilidade de 100%. À parte de tal procedimento, porém, nas demais etapas foram usadas apenas técnicas probabilísticas.

Uma vez definido que os seis países estariam representados, a providência seguinte foi calcular a distribuição por países das demais 14 emissoras. Independentemente de quais seriam estas primeiras seis estações, a existência de tal cota reduz o universo para 246 (=252-6), assim como o número de emissoras consideradas para cada país. Esta situação é ilustrada pela tabela 1:

Tabela 1 – Universo para a amostragem de rádios do Espaço Lusófono

ESPAÇO LUSÓFONO			
País	Universo 1	Cota	Universo 2
Açores	4	1	3
Angola	2	1	1
Brasil	183	1	182
Cabo Verde	4	1	3
Moçambique	1	1	-
Portugal	58	1	57
TOTAL	252	6	246

O universo secundário de 246 estações seria então a base para a definição da origem das demais 14 emissoras a serem pré-selecionadas, e a percentagem de cada país deveria ser a mesma tanto em relação a este universo como a esta pré-seleção. As 57 rádios de Portugal, por exemplo, correspondem a 23,17% de 246. Como esta também deveria ser sua representação na seleção, 23,17% de 14 significam 3,24 estações. A tabela 2 mostra os resultados para cada país.

Tabela 2 – Número de emissoras por país de acordo com sua percentagem

ESPAÇO LUSÓFONO			
País	Universo 2	Percentagem	Pré-Seleção
Açores	3	1,21	0,16
Angola	1	0,40	0,05
Brasil	182	73,98	10,35
Cabo Verde	3	1,21	0,16
Moçambique	-	-	-
Portugal	57	23,17	3,24
TOTAL	246	99,97	13,96

Os decimais novamente não puderam ser contados, mas caso fossem inteiramente descartados, a pré-seleção ficaria com 13 rádios ao invés de 14. A solução encontrada foi arredondar para cima o maior decimal encontrado, no caso o referente ao Brasil. Com isso, passou ser 11 e não 10 o número pré-selecionado de estações do país. Com isso, o número de emissoras por país finalmente pôde ser estabelecido através da soma entre a cota e a pré-seleção, conforme apresentado na tabela 3:

Tabela 3 – Extensão da amostra por país

ESPAÇO LUSÓFONO			
País	Cota	Pré-Seleção	Total
Açores	1	0	1
Angola	1	0	1
Brasil	1	10	12
Cabo Verde	1	0	1
Moçambique	1	0	1
Portugal	1	3	4
TOTAL	6	13	20

Seleção aleatória foi a técnica empregada para a definição dentro de cada país (excluído Moçambique, já que apresentou apenas uma estação na listagem) de quais emissoras figurariam na amostra. O procedimento foi realizado através do *site* random.org, mantido pela Universidade de Dublin e que oferece gratuitamente pela Internet números aleatórios verdadeiros. A associação entre números aleatórios e as rádios ocorreu com base nas posições ocupadas por estas nas seqüências fornecidas para cada país pelo portal *Live-radio.net*.

As próximas etapas seguiram inteiramente o modelo apresentado por Kuhn (2005). Assim, os websites das rádios selecionadas foram submetidos a um protocolo de observação especialmente concebido para a busca de indícios reveladores de tendências quanto ao âmbito de cada programação: local, global ou híbrida (um equilíbrio entre local e global).

Para tanto, o protocolo propõe sete tópicos a serem verificados em cada website, cada um deles aceitando quatro respostas não excludentes e uma neutra. Numa adaptação da escala Osgood, pontos oscilando entre “-2” e “+2” são atribuídos a cada resposta. Deste modo, as rádios amostradas podem alcançar uma pontuação final entre “-14” e “+14”.

O protocolo de observação foi elaborado para relatar a ocorrência ou não ocorrência, no interior do website (links externos são desconsiderados) das seguintes condições: a) um interesse institucionalmente declarado por temas locais e/ou internacionais; b) programas de orientação local e/ou internacional, conforme inferido de comentários ou a própria grade horária; c) seleção de idioma local e/ou internacional para a comunicação institucional através do website (o inglês foi considerado como “idioma internacional” por ser normalmente o empregado quando os websites buscam atingir um público externo); esta questão deixa de ser aplicada em países onde o inglês é a língua local, nesse caso duplica-se a pontuação do tópico “e”, a menos que o website esteja empregando idiomas minoritários no país em questão; d) manchetes e/ou chamadas trazendo assuntos de âmbito local e/ou internacional; e) notícias, notas ou qualquer tipo de texto referindo-se a eventos, pessoas, lugares ou produções locais e/ou internacionais; f) fotografias ou ilustrações aludindo aos aspectos referidos no tópico “e”; g) arquivos de áudio ou vídeo aludindo aos aspectos referidos no tópico “e”.

A soma obtida para cada website é então disposta ao longo de um eixo local/global, no qual três perfis são definidos conforme os possíveis resultados, onde “-” significa “local”, “+” corresponde a “global” e “0” quer dizer “híbrido” (ver tabela 4). Como a contagem de pontos opostos é permitida em cada tópico, o ponto central da escala (perfil “híbrido”) pode ser ocupado tanto por emissoras cujos websites não contêm informação alguma como por emissoras que dedicam a mesma atenção para aspectos locais e internacionais.

Tabela 4 – Distribuição de perfis de acordo com a pontuação das emissoras

Pontuação	Perfil
-14 a -8	prevalência local
- 7 a -1	tendência local
0	“híbrido” – equilíbrio entre local e internacional
+1 a +7	tendência internacional
+8 a +14	prevalência internacional

Fonte: KUHN (2005: 49).

Resultados e análise

Assim, em janeiro de 2007 os websites das selecionadas puderam ser visitados, observados, arquivados e classificados, estando os resultados detalhados na tabela 5:

Tabela 5 – Pontuação das rádios amostradas em 2007

Emissora	País	Pontuação
1. Rádio Pico	Açores	-8
2. Canal A	Angola	-11
3. Ternura FM	Brasil	-4
4. Colon FM	Brasil	-7
5. Ventura FM	Brasil	-2
6. Planeta Gospel FM	Brasil	-4
7. Itaipu	Brasil	-2
8. Cultura FM Santos	Brasil	-4
9. Rádio da Universidade	Brasil	-5
10. Educativa UDESC 107.9	Brasil	-2
11. Marumby	Brasil	-2
12. CBN – RJ	Brasil	-2
13. CDN	Brasil	0
14. Voz do Vale FM	Brasil	-8
15. Praia FM	Cabo Verde	-2
16. Rádio Maria Moçambique	Moçambique	0
17. Azeméis FM	Portugal	-5
18. Santiago FM	Portugal	-2
19. Festival	Portugal	-3
20. Renascença	Portugal	-4

O primeiro aspecto a ser ressaltado da comparação entre esta pesquisa e a realizada por KUHN (2005) é o número de países envolvidos. Açores, Cabo Verde e Moçambique não aparecem no primeiro levantamento (ver tabela 6), e o motivo é que à época não possuíam rádios listadas na base de dados, afinal nenhum país era excluído. Além disso, o universo aumentou 56,52% em três anos (de 161 estações para 252). Há portanto uma tendência de crescimento.

Tabela 6 – Pontuação das rádios amostradas em 2004

Emissora	País	Pontuação
1. Luanda	Angola	-2
2. Diplomata	Brasil	-2
3. Jacobina	Brasil	-3
4. Rádio 92	Brasil	-3
5. CBN Maringá	Brasil	-7
6. Educadora	Brasil	-2
7. Imprensa	Brasil	-2
8. Paiquerê	Brasil	-6
9. Unisinos	Brasil	-2
10. Verdes Campos	Brasil	-4
11. Azeméis	Portugal	-4
12. Nova	Portugal	-3
13. RDP Norte	Portugal	-5

Fonte: KUHN (2005).

Os resultados em 2007 revelaram um absoluto predomínio da inclinação “local” (tabela 7): com 18 emissoras, alcançou 90% das rádios amostradas. O perfil “híbrido” foi observado em apenas 10% da amostra (duas estações), não havendo ocorrências do perfil “internacional”. A tabela 7 também mostra um declínio do perfil “local” – que atingia 100% no levantamento anterior – na ordem de 10% ao longo dos últimos três anos, transferido inteiramente para o perfil “híbrido”.

Tabela 7 – Distribuição dos perfis das emissoras amostradas em 2004 e 2007

	2004		2007	
	Emissoras	Percentual	Emissoras	Percentual
Local	13	100	18	90
Híbrido	0	0	2	10
Internacional	0	0	0	0

Como se pode observar na tabela 8, o resultado individual mais freqüente em 2007 foi “-2”, o que a princípio pode parecer uma diferença pequena para poder ser considerada como determinante do predomínio de um perfil sobre o outro, uma vez que equivale a pontos que podem ser obtidos em única resposta. De qualquer modo, é bom lembrar que pontos opostos são aceitos em cada item, e na ocorrência de desvios, estatisticamente se poderia esperar que ocorressem para os dois lados. Porém, o argumento definitivo é que, mesmo se as incidências de “-2” fossem deslocadas para “0”, o perfil local ainda continuaria prevalecendo por 11 contra 9.

Com relação aos sub-perfis, a tabela 9 permite constatar uma diluição nos índices de “tendência local”, que na pesquisa anterior consistiam na totalidade da amostra. Ocorreu uma distribuição equilibrada para os sub-perfis contíguos, com “prevalência local” pulando de 0 para 15% e “híbrido” passando de 0 a 10%.

Tabela 8 – Porcentagem e incidências das pontuações registradas em 2004 e 2007

Pontuação	2004		2007	
	Incidências	Porcentagem	Incidências	Porcentagem
-14	-	0	-	0
-13	-	0	-	0
-12	-	0	-	0
-11	-	0	1	5,00
-10	-	0	-	0
-9	-	0	-	0
-8	-	0	2	10,00
-7	1	7,69	1	5,00
-6	1	7,69	-	0
-5	1	7,69	2	10,00
-4	2	15,38	4	20,00

-3	3	23,07	1	5,00
-2	5	38,46	7	35,00
-1	-	0	-	0
0	-	0	2	10,00
+1	-	0	-	0
+2	-	0	-	0
+3	-	0	-	0
+4	-	0	-	0
+5	-	0	-	0
+6	-	0	-	0
+7	-	0	-	0
+8	-	0	-	0
+9	-	0	-	0
+10	-	0	-	0
+11	-	0	-	0
+12	-	0	-	0
+13	-	0	-	0
+14	-	0	-	0

Tabela 9 – Distribuição dos perfis nas rádios amostradas em 2004 e 2007

Perfil	2004		2007	
	Rádios	%	Rádios	%
Prevalência local	0	0	3	15
Tendência local	13	100	15	75
“Híbrido” – equilíbrio entre local e internacional	0	0	2	10
Tendência internacional	0	0	0	0
Prevalência internacional	0	0	0	0

Um último aspecto ilustra a imensa superioridade verificada na pesquisa a favor do perfil local. Enquanto todos os países, com exceção de Moçambique, apresentaram ao menos uma rádio voltada às temáticas locais, ou seja, 83,33%, nenhum esteve representado no perfil “internacional”, e apenas dois (33,33%) tiveram estações incluídas

no perfil “híbrido” (como estes números se referem a situações não complementares – afinal um país pode, por exemplo, estar presente nas três categorias –, os dois percentuais acima não devem ser somados).

Referências bibliográficas

Barbetta, P. A. (2001) *Estatística Aplicada às Ciências Sociais*, Florianópolis: UFSC.

Kuhn, F. (2005) *O rádio entre o local e o global: fluxo, contrafluxo e identidade cultural na Internet*, Tese de doutorado, São Bernardo do Campo (Brasil): Universidade Metodista de São Paulo.

Raj, D. (1972) *The Design of Sample Surveys*, New York: McGraw-Hill.

Salant, P. & Dillman, D. A. (1994) *How to Conduct Your Own Survey*, New York: J. Wiley & Sons.

Análise da relación entre medios de comunicación e ONGD aplicada ao caso de Galiza e Portugal

María Salgueiro Santiso*

Resumo

As ONGD desempeñan un papel cada vez mais importante na sociedade. Na Galiza e em Portugal, depois da década de 90, assistimos a uma proliferação deste tipo de asociacións que traballan a favor do desenvolvemento dos países do terceiro mundo. Neste artigo, é analisada a complicada relación entre estas organizacións e os medios de comunicación, através do estudo da información de dois jornais: *Público* e *Faro de Vigo*. A maioría das informacións referidas nas ONGD reflecte uma opinión limitada do que acontece no ámbito da cooperación. Neste artigo preténdem-se descubrir algunhas das chaves desse desencontro: intereses diferentes, incidencia nos aspectos mais dramáticos dos acontecementos, dispersão espacial das noticias sobre ONGD nos jornais. Mais, estas entidades precisan da imprensa para difundir os seus proxectos e, em contrapartida, a imprensa obtém información do que acontece nos países onde as ONGD têm presenza. Por esta razón, é preciso procurar camiños de entendemento entre ambas.

Palabras-chave: Terceiro Sector, ONGD, medios de comunicación.

1. Introducción

As organizacións non gubernamentais de desenvolvemento – ONGD – e de acción humanitaria son uns axentes sociais que teñen un gran peso específico no sistema moderno de cooperación. Son actores básicos non só na resolución dos problemas das comunidades desfavorecidas, senón tamén nas labores de sensibilización e educación da opinión pública, xa que asumen un rol protagónico nas campañas de cambio social.

A raíz do nacemento e consolidación destas organizacións obsérvase unha crecente preocupación polas políticas comunicativas e pola proxección nos medios das súas causas sociais. As campañas de sensibilización ou a difusión de proxectos de axuda e voluntariado desempeñan un papel cada vez máis preponderante na paisaxe mediática. Aínda así, a relación entre os medios de comunicación e as ONGD caracterízase por unha serie de tensións e conflitos de intereses, que se traducen nunha perda de visi-

* Facultade de Ciencias da Comunicación, Universidade de Santiago de Compostela. Membro do grupo de investigación “Estudios audiovisuais. Comunicación audiovisual: contidos, formatos e tecnoloxía” da USC. salgueiromaria@hotmail.com

bilidade destas organizacións perante a opinión pública (González Luis, 2006) (Erro Sala, 2002). Neste artigo ofrécese un acercamento ás causas intrínsecas que definen a relación amor-odio que se establece entre os medios e as organizacións de acción humanitaria.

Esta aproximación parte dunha sucinta exposición teórica que limita conceptualmente as organizacións non gubernamentais de desenvolvemento dentro da heteroxeneidade que caracteriza ao terceiro sector. A partir dese corpus teórico ofrécese unha comparativa dos trazos coincidentes e diverxentes entre as ONGD con domicilio social en Galiza e en Portugal. A análise de contido¹ foi a técnica metodolóxica escollida, porque permite facer un estudo sistemático, obxectivo e cuantitativo a partir da medición dunhas determinadas variables que definen a estas entidades altruístas. Escolleuse como mostra de análise ás 33 organizacións integradas na Coordinadora Galega de ONGD que contan con páxina en Internet e ás 38 lusas que forman parte da Plataforma Portuguesa das ONGD e que dispoñen de web. Esta selección responde, basicamente, a criterios de funcionalidade e homologación entre as entidades que operan en Galiza e en Portugal para describir a súa fisionomía.

A continuación, expónse unha análise do papel que xogan os medios de comunicación na difusión das mensaxes das ONGD e do seu traballo dentro do ámbito de cooperación cos países en vías de desenvolvemento. O noso marco teórico apoia-se nunha análise de contidos da información relativa a estas organizacións en dous xornais, un de ámbito galego, Faro de Vigo, e outro de ámbito portugués, Público. A escolla destas dúas cabeceiras tamén responde a criterios de homologación, porque ambos teñen unha tirada similar, 50 000 exemplares de media². Para levar a cabo a análise fíxose un baleirado de contidos³ dos meses de abril, agosto e decembro do 2006 coa finalidade de cubrir un mes en cada cuatrimestre e, por outra banda, atendeuse aos criterios de rutinas produtivas da información. Nos meses de verán a información política perde peso a favor da que se inclúen na sección de sociedade, que é unha das seccións nas que se inclúen, maioritariamente, as novas relativas as ONGD; ademais escolleuse o mes de decembro porque a época de Nadal é unha das máis solidarias do ano. A sistematización e interpretación dos datos relativos á información destas organizacións é a base sobre a que se asenta as consideracións finais do artigo.

¹ Ficha técnica – Universo: ONGD con sede en Galiza e Portugal. Mostra: 71 organizacións, integradas na Coordinadora Galega de ONGD e na Plataforma portuguesa de ONGD e que dispoñen de páxina web. Nivel de confianza: 95%. Error mostral: 3,5%

² Público tivo unha tirada media de 46 000 exemplares no período de xaneiro a xuño de 2006 segundo datos da APCT. 48 000 xornais é a cifra que o OJD ofrece como tirada media de Faro de Vigo entre xullo de 2005 e xuño de 2006.

³ Ficha técnica – Universo: Información publicada en xornais galegos e portugueses relativos a ONGD en 2006. Mostra: Información publicada en Público e Faro de Vigo nos meses de abril, agosto e decembro de 2006. Nivel de confianza: 95%. Error mostral: 3,5%

2. Aproximación conceptual á definición de Organización non gubernamental de desenvolvemento

O terceiro sector foi definido por primeira vez, en 1973, por Etzioni⁴ como unha alternativa organizativa entre as empresas e a administración pública. É dicir, engloba a aquelas organizacións distintas da acción gubernamental, xa que nacen da iniciativa privada. Pero, a diferenza das empresas, o seu obxectivo é cubrir algunha necesidade socialmente desexable da comunidade ou dalgúns dos seus membros e non tanto obter beneficios económicos.

Este sector está adquirindo unha destacada importancia nas últimas décadas⁵ coa proliferación da constitución de asociacións, fundacións e organizacións de carácter altruísta. Os trazos comúns que comparten xenericamente estas entidades, a pesar da súa diversidade de actividades e de obxectivos son, seguindo a definición estrutural-operativa do Estudo Comparativo do Sector non Lucrativo da Universidade Johns Hopkins:

- Organizada formalmente.
- Privada.
- Ausencia de ánimo de lucro.
- Capacidade de autocontrol institucional das súas propias actividades.
- Cun marcado grado de participación voluntaria.

As ONGD son unha manifestación concreta de formas organizacionais que compoñen este terceiro sector. O Banco Mundial⁶ tipifícaaas como:

«Organizaciones privadas que persiguen actividades para aliviar el sufrimiento, promover los intereses de los pobres, proteger el medio ambiente, brindar servicios sociales básicos o realizar actividades de desarrollo de la comunidad».

A Coordinadora Española de ONGD limita máis a súa natureza, estrutura e obxectivos xa que apunta como características⁷ definitorias destas entidades:

⁴ «While debate over how to serve our needs has focused on the public versus the private alternative, a third alternative, indeed sector, has grown between the state and market sector. Actually this third sector may well be the most important alternative for the next few decades, not by replacing the other two, but by matching and balancing their important roles[...] These developing forms are mainly in the third sector, which is neither governmental nor private. Some are created out of a mix of private business and governmental elements. Other take form of voluntary associations –e.g. the Red Cross or the League of Women Voters– and the nonprofit corporations –e.g. the Ford Foundation–» (Etzioni, 1973).

⁵ «Sólo unos cuantos datos para ilustrar la importancia que está adquiriendo el sector no lucrativo: entre 1980 y 1990, 1 de cada 7 empleos creados en Francia fue en este sector, y 1 de cada 8 en Alemania. Se estima que entre 1/2 y 1/3 de la población de la UE pertenece a alguna asociación. También hay que resaltar su importancia política, pues, como ha afirmado recientemente la Comisión de las Comunidades Europeas, la existencia de un sector bien desarrollado de asociaciones y fundaciones es un buen indicador de que la democracia ha alcanzado la mayoría de edad de un país» (Carpio, 1999).

⁶ Tomado de Williams, A. 1990 en ORTEGA CARPIO, M^a Luz, Las ONGD y la Crisis del Desarrollo, IEPALA, Madrid, 1994, 41.

⁷ En Portugal os trazos son similares tal como se desprende da definición de ONGD que vén establecida na Lei n.º 66/98 de 14 de Outubro e que no seu artigo 3.º afirma: «as ONGD são pessoas colectivas de direito privado sem fins lucrativos» e no artigo 6.º reconece os obxectivos que deben perseguir: «São objetivos das ONGD a concepção, a execução e o apoio

- Ser unha organización estable.
- Non posuír ánimo de lucro.
- Traballar activamente no eido da cooperación para o desenvolvemento e a solidariedade internacional.
 - Ter unha vontade de cambio ou de transformación social.
 - Posuír apoio e presenza social.
 - Ter independencia.
 - Posuír recursos, tanto humanos como económicos, que proveñan da solidariedade, de doazóns privadas, do traballo voluntario ou de actividades semellantes.
 - Actuar con mecanismos participativos de elección ou nomeamento dos seus cargos, promovendo a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
 - Ser transparentes na súa política, nas súas prácticas e nos seus orzamentos.
 - Estar baseadas e artelladas ó redor dos fins de solidariedade internacional e cooperación.

A estes elementos definitorios hai que lles engadir a diversidade e a pluralidade das mesmas que derivan tanto da súa orixe – existen entidades promovidas por partidos políticos, sindicatos, grupos profesionais, ordes relixiosas, etc. – como da súa filosofía de traballo ou a forma de realizar a cooperación.

Aínda así, optouse por definir no contexto deste artigo ás organizacións non gubernamentais de desenvolvemento como formas asociativas, sen ánimo de lucro, alleas á acción gubernamental que teñen como obxectivo a promoción do desenvolvemento, cubrindo algunha necesidade vencellada á consecución do progreso dunha comunidade e/ou dos seus membros.

3. Taxonomía comparativa entre as ONGD que operan en Galiza e en Portugal

Historicamente, as accións de axuda ao exterior, no ámbito da cooperación internacional, remóntanse ao século XVII, ligadas á acción dos misioneiros católicos. Cando se atopa as primeiras organizacións de axuda laicas, aínda que de inspiración cristiá, é a finais do XVIII⁸. Aínda que o fenómeno das ONGD –tal e como se coñece hoxe en día– empeza nos anos sesenta do pasado século, coincidindo co xurdimento da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) e co proceso de artellamento organizativo dos países do Sur, principalmente nos países democráticos.

Neses primeiros anos asístese á aparición dun concepto de solidariedade no que predomina a concepción asistencialista (Uceta, 2000). Isto explícase pola influencia

a programas e projectos de cariz social, cultural, ambiental, cívico e económico, designadamente através de accións nos países em vias de desenvolvimento: de cooperação para o desenvolvimento, de assistência humanitária, de ajuda de emergência e de proteção e promoção dos direitos humanos».

⁸ En 1787 crease a Anti-Slavery International e no século XIX: The British and Foreign Anti-Slavery Society (1823), Cruz Vermella (1863) e Cáritas (1887).

dunha Igrexa que ten neste sector un enorme peso e ao que lle traslada a súa visión tradicional, paternalista e caritativa de cooperación.

Nos anos setenta aparecen novas concepcións da solidariedade ao constatar a presenza de organizacións laicas e/ou vencelladas a grupos profesionais. Nas súas liñas de traballo fan fincapé en facer protagonistas aos propios receptores da axuda mediante proxectos integrais a medio ou longo prazo, cos que se persegue o desenvolvemento autosostido, autónomo, sistemático e integral das comunidades destinatarias. Xorden as ONGD críticas, influídas pola teoría da dependencia⁹, que denuncian a orde instaurada, acusándoa de ser un dos xermes orixinarios do subdesenvolvemento. Estas correntes cuestionan a validez dos programas de cooperación ao desenvolvemento na medida en que non eran capaces de contrarrestar os efectos do comercio desigual entre os distintos países. Uceta (2000), González Luis (2006) ou Korten (1990) califican ás organizacións que xorden produto desta filosofía como de segunda xeración.

Nos anos oitenta, o acceso ao poder de partidos conservadores en boa parte dos países industrializados, a crise da débeda principalmente en América Latina e o inicio do derrumbamento das economías do leste de Europa son factores destacados que inciden nas reformas económicas e políticas neoliberais. Nesta concepción o mercado amósase como o único instrumento eficaz para asignar recursos e a cooperación aparece como unha interferencia innecesaria nos mercados. As ONGD de terceira xeración adoptan un papel crítico e reivindicativo da cooperación como ferramenta clave para o desenvolvemento dos países máis pobres.

Unha liña de traballo que se mantén nos anos noventa. Década na que se consolida un modelo de ONGD que ten como obxectivo denunciar as políticas dos países desenvolvidos, presionar aos seus gobernantes e entregar o protagonismo aos cidadáns dos países menos desenvolvidos.

A finais deste decenio e principios do novo século, as ONGD entran en crise, xa que a súa financiación, os seus métodos, a súa xestión e a súa estrutura son algúns dos campos nos que están sendo cuestionadas. É nese contexto no que as propias ONGD europeas e estadounidenses adquiriron un claro matiz revisionista, impulsado polas voces críticas que se alzan contra as súas accións¹⁰ (Edwards, 2002) (Erro Sala, 2002).

En España, a cooperación para o desenvolvemento non reproduce estas fases de constitución das organizacións. Trátase dun fenómeno relativamente recente, e esto apreciase coa proliferación de ONGD a partir do reestabrecemento da democracia, aínda que é a mediados dos oitenta cando se asiste ao inicio do 'boom'¹¹ destas entidades, (López Rey, 2001) (De Felipe *et al.*, 1995).


⁹ Denomínase teoría da dependencia ao movemento crítico que denunciou a sumisión que sufrían os países en vías de desenvolvemento respecto aos países desenvolvidos. Foi un pronunciamento acusador, nun principio dende o ámbito económico que abarcou outras áreas, entre elas a cultural. (Hettne, 1990) (Sinclair, 2000).

¹⁰ Rafael Grassa (1996) sinala: «[...] Estamos en el ojo del huracán, la opinión pública nos ha mirado y hay que reconocer que tenemos algunos problemas. No todo lo que hacemos es bueno ni bonito, y creo que es importante saberlo y ser conscientes de ello porque, como sociedad civil, hemos de ser capaces de autocorregirnos.»

¹¹ Como dato ilustrativo pódese dicir que se entre 1947 e 1979, é dicir en 32 anos, fundáronse 28 ONGD, mentras que entre 1981 e 1990, en tan só nove anos, creáronse 51.


En Portugal aconteceu algo similar ao sucedido en España, xa que na década dos cincuenta estivo ausente dos fluxos de refuxiados que conlevou a fin da Segunda Guerra Mundial ademais de estar pechado baixo o Réxime da Ditadura de Salazar. Polo tanto, non coñeceu a fase que viu nacer ás grandes organizacións internacionais anglosaxonas, creadas esencialmente para apoiar á poboación europea e aos refuxiados, que se convertiron anos máis tarde nos ‘pesos pesados’ da cooperación para o desenvolvemento como por exemplo Intermon Oxfam. Tamén estivo ausente na creación de ONGD ligadas aos procesos de descolonización. De feito, é a finais da década dos oitenta e principios do noventa cando se asiste ao xurdimento da maioría destas organizacións, o 65% das entidades integradas na Plataforma Portuguesa de ONGD sitúan a súa data de constitución entre 1986 e 1995. Como principais causas de creación hai que citar as grandes operacións de emerxencia que sensibilizaron especialmente á sociedade portuguesa na axuda ao desenvolvemento. Entre esas crises pódese citar as intervencións de 1993 enmarcadas no proceso de paz de Mozambique, o proxecto ‘África Amiga’ iniciado en 1995 ou a guerra de Guinea-Bissau en 1998.

A década dos noventa tamén foi determinante na constitución das organizacións non lucrativas que traballan en Galiza, a metade das entidades integradas na Coordinadora Galega de ONGD fundáronse entre 1991 e 2000. Este destacado aumento veu motivado, por unha banda, pola disposición das administracións públicas de establecer novas formas de financiamento para os proxectos desas organizacións. Por outra banda, foi debido a razóns internas da propia área de traballo, xa que a creación dunha plataforma de sensibilización e de difusión do terceiro sector, que foi o xerme da actual Coordinadora, foi un factor clave na constitución de novas ONGD.



Ao tomar a dimensión da entidade como variable independente a estudar nas ONGD, obtemos que a presenza de organizacións definidas por elas mesmas como Internacional é similar tanto en Portugal como en Galiza, aproximadamente un 60%. Polo que se deduce o importante peso que xogan entidades transnacionais como por exemplo Cruz Vermella, Médicos do Mundo ou Unicef no eido da cooperación para o desenvolvemento. O 40% restante no caso de Portugal repártese entre as entidades que se manifestan Portuguesas e o 5% das que non constatan o seu ámbito de proxección; mentres que no caso das que contan con sede na comunidade galega a distribución é dun 10% que se manifestan filiais de entidades españolas e un 30% son organizacións creadas sen ataduras estatais. De tódolos xeitos, a pesar destes datos as ONGD galegas poden ser calificadas, na súa maioría, de monoproxecto e cunha capacidade financeira reducida (Martínez Rivas, 2001).


Gráficos 2 e 3 – Comparativa de ONGD por ámbito de proxección



Fonte: Elaboración propia.


Outro aspecto estrutural coincidente entre as ONGD con domicilio social en Galiza e en Portugal é o relativo á ubicación do seu domicilio social. Unha ampla maioría das sedes destas organizacións –81% das lusas e 91% das galegas¹²– localízase no ámbito urbano, nas principais cidades. Ademais, as restantes entidades, que conforman o 19% das portuguesas e o 9% das galegas, ubícanse en vilas de certa importancia poboacional –Mértola, Estoril, Monforte ou Baiona – constatándose que case non existe presenza no mundo rural.

Gráfico 4 – Comparativa do domicilio das ONGD con web



Clasificando á estas entidades polas áreas de traballo¹³, os datos obtidos tamén son similares: a gran maioría das organizacións traballan en dous ou en tres campos –75% das portuguesas fronte ao 85% das galegas– aínda que se aprecia unha maior especialización nas galegas. De feito, establecendo unha relación de comparación entre as ONGD que traballan en dous ámbitos de traballo, obsérvase que hai unha diferenza de 23 puntos porcentuais entre as galegas e as lusas. Pola contra, se se cotexan os datos relativos as entidades que traballan en tres campos de actuación as lusas avantan en 16 puntos ás entidades con domicilio en Galiza.

Gráfico 5 – Número de campos nos que traballan as ONGD




¹² É especialmente chamativo que dese 91% un 68% localízase nas cidades de A Coruña e Santiago.

¹³ Analízouse este parámetro seguindo as seis áreas de traballo que define a Coordinadora Española de ONGD: Sensibilización e Educación para o desenvolvemento, Emerxencias, Investigación e Reflexión, Incidencia Política, Comercio Xusto e Proxectos para o desenvolvemento.

Se a análise se establece polos campos de actuación que teñen un maior volume de organizacións, advírtese que os proxectos levados a cabo tanto dun lado coma do outro do Miño inscribíense nas áreas de Sensibilización e Educación para o Desenvolvemento –a totalidade das organizacións analizadas traballan neste campo– e de Proxectos de Desenvolvemento, é dicir, executando programas de solidariedade e promoción das comunidades en países do chamado Terceiro Mundo. As diferenzas entre as ONGD lusas e galegas estriban nos ámbitos de Investigación e Reflexión – 33% das portuguesas traballan neste campo fronte ao 9% das entidades con sede en Galiza– e no de Comercio Xusto – na comunidade galega é un movemento que se está consolidando con tendas respaldadas por diferentes organizacións e campañas publicitarias conxuntas e que se traduce en que un 18% das ONGD adícanse a este sector–.

Gráfico 6 – Campos de actuación nos que traballan as ONGD



Porén, a principal diferenza entre as ONGD vén determinada polos seus marcos de actuación. Mentres que en Galiza¹⁴ o 60% dos proxectos que se desenvolven sitúanse nos países de América Central, do Sur e o do Caribe; en Portugal o 70% das iniciativas levadas a cabo localízanse dentro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, principalmente os do continente africano. Isto é produto da facilidade que conleva compartir un mesmo idioma e os lazos históricos e culturais con estas comunidades.

¹⁴ De tódolos xeitos, en Galiza O Plan Director 2006-2009 de Cooperación para o Desenvolvemento establece 17 prioridades xeográficas, entre as que se atopan os países lusófonos africanos –Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mauritania, Mozambique–; ademais de Namibia e Senegal; en América: Bolivia, Cuba, Ecuador, Guatemala, Haití, Honduras, Nicaragua, O Salvador, Perú e República Dominicana.

4. A tortuosa relación entre medios de comunicación e ONGD

Un dos factores decisivos que contribuíron ao aumento espectacular do movemento solidario – tanto no ámbito internacional como en Portugal e en Galiza – foi o rol de transmisor e de altofalante que os medios de comunicación asumiron fronte as causas defendidas polas ONGD.

A principios da década dos oitenta, en outubro de 1984, a BBC emitiu unha reportaxe sobre as vítimas da fame en Etiopía¹⁵. Esas imaxes foron o xerme de diversas iniciativas de solidariedade internacional. De entre todas destacan as campañas solidarias de gravación de discos e celebración de concertos pro-Etiopía: *Usa for Africa*, *Band Aid* e *Live Aid: Feed the world*, promovidas polo cantante irlandés Bob Geldof¹⁶. Este fenómeno mediático, que acadou transcendencia mundial, marcou o inicio dun novo concepto de campañas sociais: o ‘charity business’, instalando a lóxica de mercado na relación das organizacións non gubernamentais cos medios de comunicación (Lipovetsky, 1994). É a partir dese momento cando se lle presta unha maior atención a diversos aspectos relacionados coa cooperación na axenda mediática¹⁷, en especial a aqueles máis emotivos, derivados dos desastres provocados polas catástrofes naturais ou polos conflitos armados.

Polo tanto, as organizacións circunscritas ao movemento solidario, conscientes da importancia dos medios de comunicación na construción da realidade social, incluíron, dende a década dos 80, na súa estratexia comunicativa aos mass media, xa que constitúen, o dispositivo máis potente para chegar ao maior número de xente posible, permitindo ás organizacións facerse visibles, e, polo tanto, visualizar as cuestións relacionadas cos desequilibrios Norte-Sur (Franco Romo, 2005). Pero, as ONGD ao querer aparecer nos medios, víronse obrigadas a amoldarse aos estilos discursivos mediáticos e foron os aspectos máis superficiais e telexénicos da cooperación para o desenvolvemento os que entraron na axenda dos medios, comezando a sobresaír a axuda humanitaria e as accións de urxencia.

A utilización de técnicas mercantilistas nas prácticas comunicativas das ONGD están desvirtuando á razón de ser destas organizacións: a súa natureza solidaria. De aí que unha das consecuencias negativas, tanxible na actualidade, da produción de mensaxes relativos a feitos con alto contido emotivo, dramático e morboso é que pode provocar saturación e indiferencia no receptor desas mensaxes. Ademais, o uso do recurso do ‘síndrome do bebé famélico’ conleva a que a proxección social das imaxes destas organizacións se asocia a un tratamento obsceno e indigno das vítimas (Benet, 2003).

¹⁵ Esa reportaxe foi firmada por Michael Buerk, quen acode a un campo de 40 000 refuxiados en Koren e nela denúnciase que máis de sete millóns de persoas están ameazadas de morte á causa da seca e das guerras internas que afectan ao país, provocando que cada vinte minutos morra unha persoa.

¹⁶ É célebre a súa frase: «todo o que fixen foi transformar a fame en acontecemento de moda», (Lipovetsky, 1994)

¹⁷ «En adelante la caridad se asocia con los decibelios, el humanitarismo con el show-biz; ya no hay causas nobles sin estrellas, ni gran colecta sin sonido. [...] La caridad se ha convertido en uno de los más grandes, de los más mediáticos espectáculos contemporáneos, apoyándose en la lógica de la hazaña: hazaña de la suma recogida, hazaña de la movilización general» (Lipovetsky, 1994).

O uso de mensaxes dramáticas e de chamamentos á doazóns económicas xerou tres efectos que van en detrimento das ONGD:

- A fatiga da compaixón fai referencia ao suposto cansancio e decepción respecto á axuda internacional e ao desenvolvemento por parte dos doantes, en particular os públicos, que xustificaría a diminución daquela (Pérez Armiño, 2001).
- A redución de responsabilidades por parte da opinión pública.
- Perda da credibilidade da propia organización.

O feito de que acaben por presentarse como unha cuestión caritativa propiciou posturas críticas sobre o traballo destas organizacións, principalmente desde quen considera que a caridade non é unha solución ou que esta descarga nos individuos unha responsabilidade de distribución xusta da riqueza que debería ser emprendida polos organismos administrativos estatais e supraestais.

Un factor, directamente vencellado ao anterior, é que esa selección sesgada dos feitos conduce a que a percepción da opinión pública sobre as ONGD e do contexto no que traballan sexa moi limitada e incompleta. Os países en vías de desenvolvemento están presentes nas pantallas dos países desenvolvidos en dúas atmósferas comunicacionais antagónicas e concomitantes: por un lado, no discurso publicitario dos países desenvolvidos proliferan as imaxes idílicas do Sur –paraxes naturais de ensoño, amabilidade dos seus habitantes– e por outro lado, no campo informativo os países do terceiro mundo son protagonistas das noticias cando acontece unha catástrofe natural ou política. Isto leva asociado que ese dobre discurso, sexa esquizofrénico, xa que o Sur é a vez un paraíso e un inferno (Ramonet, 2002). Isto implica a estereotipación das coberturas, sobre todo en catástrofes, coa ‘estandarización disney’¹⁸ como modelo de comunicación á hora de cubrir a información sobre as actuacións de ONGD. (González Luis, 2006).

Estes tratamentos informativos impoñen unha simplificación no campo da comunicación humana, provocando que todo o vencellado á acción social da ONGD –traxectoria, funcionamento ou ideoloxía– que contribúe a que o receptor da mensaxe poida valorar ou analizar o traballo da organización quede fóra da noticia.

A relación entre os medios de comunicación e as organizacións que traballan no campo da cooperación ao desenvolvemento caracterízase por unha serie de tensións e conflitos de intereses, provocando en certos momentos desa relación unha oposición latente, que se debe principalmente a:

1. Os medios de comunicación posúen unha linguaxe e unha serie de códigos particulares que, a miúdo, determina o tipo de contidos que se transmiten a través do seu espazo que son, basicamente, producir ficción e xerar espectáculo (Nós Aldás, 2003).

¹⁸ «Los periodistas publican noticias siguiendo una trama similar a la de las películas infantiles de esta productora: una crisis potencial está en el horizonte, la crisis erupciona, los chicos buenos llegan y salvan a las víctimas pero el villano permanece amenazando el desenlace. Sólo el mal final hace que la narración sea diferente a las de Disney donde viven felices a pesar de todo» (González Luis, 2006).

2. A maioría dos medios de comunicación son entidades privadas que buscan o éxito comercial, polo tanto cando acoden aos países en vías de desenvolvemento teñen como obxectivo producir información para a obtención de beneficios comerciais e económicos. A información convértese en mercadoría.

Con todo isto, é salientable que nas sociedades occidentais ofrécese, hoxe en día, un maior grado de información sobre o que sucede nos países en vías de desenvolvemento que dúas décadas atrás. Deste xeito, a utilización dos medios de comunicación abre un marco importante de novas posibilidades de acceso para os traballadores humanitarios. Ese destacado marco de difusión vén motivado polo rol ‘modelador’ dos medios dentro da sociedade. Polo tanto, a inclusión ou non, e a incidencia ou non dunha catástrofe por parte dos medios de comunicación determinan a evolución das crises humanitarias¹⁹.

5. O tratamento nos medios de comunicación da temática da solidariedade internacional. Análise comparativo entre *Público* e *Faro de Vigo* en 2006

O tratamento que os medios de comunicación ofrecen da temática das ONGD de xeito xeral, segundo o afirmado por diversos autores, (Erro Sala, 2004) (López Rey, 2001) (Franco Romo, 2005) (Plataforma Portuguesa de ONGD, 2005), caracterízase por unha serie de trazos:

1. Ofrecen un tratamento descoidado e sensacionalista das realidades dos países empobrecidos. Centran a súa información nas imaxes das vítimas dos sinistros, incidindo nos conflitos cun alto número de damnificados, destrucións medioambientais ou violencia extrema, eludindo os traballos de rescate ou pacificación posteriores. Esa información interrómpeuse cando as imaxes dos afectados deixan de causar o impacto inicial no receptor. Isto é debido a que na lóxica da televisión comercial á hora de prantexar a relación comunicativa coa audiencia, recórrese á espectacularización da realidade. As mensaxes sobre os países en vías de desenvolvemento son produtos que consumir e ante os que emocionarse, pero sentados no sofá da casa, coa sensación de que nada se pode facer para cambiar o mundo que se representa nas pantallas. Así, durante anos o tratamento dos medios de comunicación ás ONGD estivo alicerzado na transmisión dunha concepción asistencialista²⁰, case sempre ligada á execución de proxectos de emerxencia (Calle Collado, 2000).

¹⁹ De feito, nos últimos anos, distintas ONGD publican informes dos ‘conflitos olvidados’ dos medios de comunicación como chamada de atención sobre os mesmos.


²⁰ Dende as propias ONGD xorden voces críticas contra a promoción desa acción caritativa: «Las ONG deben repensar su tarea con humildad y sin ceder a la historia mediática que se origina tras las grandes catástrofes. Tenemos que replantearnos con distancia crítica muchas de las premisas de la ayuda humanitaria. Las ONG no estamos para lavar conciencias. No podemos ser reducidos al papel de fábrica que transforma en imágenes de televisión los buenos sentimientos de Occidente» (Rony Brauman, 2006).

2. Os medios identifican ao Sur con desastre, violencia ou desorde, xa que é presentado na gran maioría das ocasións como unha zona catastrófica, branco para a corrupción e as enfermidades.

3. Aparte do terreo estritamente informativo –no que prima a proximidade, a novidade e a actualidade do acontecido–, a selección da axenda mediática que se lle ofrece ás audiencias atopa no entretemento o seu motor de traballo.


4. Os temas procedentes do terceiro sector, habitualmente non teñen unha localización definida. Nesa desubicación, a sección de Sociedade ocupa un lugar destacado, o que leva a pensar que son os aspectos sociais do desenvolvemento –voluntarios, adopcións, inmigrantes, donativos, etc.– os máis valorados polos medios. Outra sección habitual na que se presenta as novas referidas ao Sur é a de Internacional, xa que estas organizacións promoven temas lonxanos que se inscriben na área da política exterior (Cuenca Botrán, 2001) e na maioría das ocasións como ‘breves’ aínda que ocupan as primeiras páxinas cando ocorre unha catástrofe de suficiente magnitude. Estas afirmacións corrobóranse na análise comparativa das noticias publicadas en Público e en Faro de Vigo durante o 2006. A sección de Sociedade é a que acolle unha porcentaxe máis alta destas novas, cun 44% e cun 40% respectivamente. Internacional, pola súa banda, conta cunha presenza dun 37% no xornal luso e un 15% no galego.

Gráfico 7 – Información relativa a ONGD por seccións



Esta dispersión espacial provoca que a temática das ONGD se banalice e perda toda carga reivindicativa ou crítica. Ademais este feito conleva que cada vez sexa máis difícil dar saída a temas que chamen á sensibilización social e a profundización nas causas e factores implícitos das situacións de crise nos países en vías de desenvolvemento. Case as $\frac{3}{4}$ partes da información publicada nos dous xornais analizados non ofrecen unha explicación das causas dos feitos noticiosos, aínda así, en canto á contextualización das noticias a porcentaxe invírtese, superando o 75% as novas que están ubicadas no seu contexto situacional.


Gráficos 8 e 9 – Comparativa da información que explica as causas e a contextualizada



Fonte: Elaboración propia.

Unha proposición que tamén se verifica se se analiza a tipoloxía dos xéneros na que se presenta a información das ONGD. Nos dous xornais estudados obsérvase como a porcentaxe de Noticias e Breves, dous xéneros que se caracterizan pola información dos feitos e non tanto pola interpretación dos mesmos, superan as $\frac{3}{4}$ partes do total das mesmas. Así, en Público correspóndese co 76% da información, cifra que se aumenta ata o 85% en Faro de Vigo.


Gráfico 10: Xéneros da información relativa a ONGD



